

13/663 PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS E OUTROS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES. ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 9 de setembro de 2010 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Prego de prescricións técnicas para a contratación do seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos do Concello de Lugo elaborado pola Xefa de Servizo de Persoal do 12 de maio de 2010

II.- Informe de Intervención do 10 de xuño de 2010 que, entre outras cousas, fai constar a existencia de crédito por importe dun mes para o ano 2010 para a cobertura da póliza de funcionarios integrados e dos xubilados debendo asumir o órgano de contratación o compromiso de consignar o crédito para o resto das anualidades.

IV. Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da cobertura de seguros de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello o día 9 de setembro de 2010.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. O artigo 20 da LCSP establece que ‘son contratos privados os celebrados por unha Administración Pública que teñan por obxecto servizos comprendidos na categoría 6 do Anexo II’.

Este contrato ten por obxecto a realización dun servizo de seguros, concretamente a cobertura da asistencia sanitaria dos empregados municipais nas condicións establecidas no informe da Xefa de Servizo de Persoal.

SEGUNDA. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade elixida.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Trátase dun contrato suxeito a regulación harmonizada, ó ser un contrato de servizos comprendido na categoría 6 do Anexo II da LCSP e de valor estimado superior ó indicado no artigo 16. 1. b).

TERCEIRA. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o procedemento de licitación convocado polo Excmo. Concello de Lugo para A CONTRATACIÓN DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS E OUTROS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA

OS EMPREGADOS PÚBLICOS E OUTROS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a contratación do servizo de asistencia sanitaria médico/cirúrxica ós funcionarios do Concello de Lugo (con ingreso anterior ó 01 de abril de 1993), ó persoal xubilado do Concello con anterioridade ó 1 de abril de 1993, ós demais empregados do Concello así como dos seus respectivos beneficiarios, mediante a contratación dunha póliza de asistencia sanitaria co adxudicatario asegurador, de conformidade co prego de condicións técnicas redactado polo Servizo de Persoal do Concello.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades 1996 (CNPA-1996):

CNAE 2009: 65.12 Seguros distintos dos seguros de vida

CPV.- 66512200-4 Servizos de seguros de asistencia médica

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato privado, recollido e regulado no artigo 20 da LCSP que ten por finalidade contratar o servizo de asistencia sanitaria médico/cirúrxica ós funcionarios do Concello de Lugo (con ingreso anterior ó 01 de abril de 1993), ó persoal xubilado do Concello con anterioridade ó 1 de abril de 1993, ós demais empregados do Concello así como dos seus respectivos beneficiarios, mediante a contratación dunha póliza de asistencia sanitaria co adxudicatario asegurador, de conformidade co prego de condicións técnicas redactado polo Servizo de Persoal do Concello.

De conformidade co artigo 20 da LCSP, son contratos privados os comprendidos na categoría 6 do ANEXO II da LCSP (servizos de seguros).

En consecuencia, este contrato rexerase en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del sector público(LCSP).

- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 31/95 de Prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos
- Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados
- Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contratos de Seguros,
- R.D. 2486/1998, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados

En canto aos seus efectos e extinción, a orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas será a orde xurisdiccional civil, así o presente contrato rexerá polas cláusulas comprendidas neste prego, e polas establecidas no prego de prescricións técnicas, pola póliza do contrato e os suplementos pactados entre a Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Aseguradora, polo disposto na Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contratos de Seguros, e as súas disposicións de desenvolvemento, polo R.D.L. 6/2004, de 29 de outubro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, polo R.D. 2486/1998, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados e por calquera outra normativa que resulte aplicable ao contrato en cuestión.

Non obstante o carácter imperativo que poidan ter determinados preceptos legais ou regulamentarios, entenderanse válidas as cláusulas contractuais contidas nas condicións particulares e xerais que sexan máis beneficiosas para o tomador ou asegurado segundo se recolle no artigo 2 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguros.

O licitador, polo feito da súa presentación a este procedemento de contratación, acepta de forma expresa o establecido neste Prego e no de prescricións técnicas, que formarán parte integrante do contrato.

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Lugo é a Xunta de Goberno Local.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA.- PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.

Este contrato terá unha duración de UN ANO a contar dende a data de sinatura da acta de inicio de prestación do servizo, podendo ser obxecto dunhas prórrogas anuais, por mutuo acordo das partes, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poidan exceder de CATRO ANOS.

Para estes efectos, o adxudicatario poderá solicitar do Excmo. Concello de Lugo a correspondente prórroga e farao, como mínimo, TRES meses antes do remate do prazo contractual ou prorrogado. O Excmo. Concello de Lugo deberá resolver expresamente.

Antes da finalización do contrato ou das prórrogas realizadas, o Concello de Lugo procederá a convocar unha nova licitación. Se esta nova licitación quedase deserta ou non estivese adxudicada, por calquera causa, ó día seguinte do remate do presente contrato ou das prórrogas realizadas, o Concello de Lugo poderá esixir ó contratista a continuación das prestacións incluídas no contrato e nas mesmas condicións por un período máximo de SEIS MESES.

O adxudicatario poderá solicitar do Excmo. Concello de Lugo a correspondente prórroga e farao, como mínimo, dous meses antes do remate do prazo contractual ou prorrogado. O Excmo. Concello de Lugo deberá resolver expresamente. Pola contra, o Excmo. Concello de Lugo poderá proceder á prórroga mediante resolución que será comunicada ó contratista.

CUARTA.- SERVIZO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS

Para os efectos informativos, indícase que o servizo de asesoramento e mediación de seguros para o Concello de Lugo está contratado coa entidade BORRÁS- VÁZQUEZ-CAMESELLE-ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS S.A. en virtude de contrato asinado en data 5 de xullo de 2007

QUINTA.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

1.- O prezo máximo do contrato para a primeira anualidade ascende a 579.591,60 euros (contrato exento de IVE) debendo terse en conta que se trata de colectivos asegurables variables. Este importe descomponse do seguinte xeito:

a) Póliza de funcionarios integrados:

- Prima total unitaria máxima: 44,72 €/mes por persoa

Aplicando este prezo a un colectivo previsto de 720 persoas, resulta unha contía máxima estimada de 386.380,80 euros

b) Póliza de xubilados (anteriores a 1993):

Prima total unitaria máxima: 52,19 €/mes (dos cales o Concello pagaría 35,42 €/mes e o resto farase efectivo polo pensionista á entidade adxudicataria)

Aplicando este prezo a un colectivo aproximado de 110 persoas, resulta unha contía máxima estimada de 68.890,80 euros, dos cales 46.754,40 euros se abonarían polo Concello e o resto polos traballadores xubilados

c) Póliza do resto de traballadores municipais:

- Prima total unitaria máxima: 37 €/mes por persoa

Aplicando este prezo a un colectivo previsto de 280 persoas, resulta unha contía máxima estimada de 124.320 euros

Non obstante, o adxudicatario poderá ofertar unha contía por persoa e mes inferior ás indicadas no parágrafo anterior.

Os efectos do disposto no artigo 76 da LCSP o valor estimado do contrato tendo en conta as prórrogas ascende a 2.318.366,40 euros

2.- Segundo consta no informe de Intervención de data 10 de xuño de 2010 existe consignación orzamentaria para o devandito contrato nas aplicacións orzamentarias 22100.16008 por importe de 32.198,40 euros correspondentes a un mes e relativo á póliza de funcionarios integrados, 22100.16107 por importe de 3.896,20 euros correspondentes a un mes e relativo á póliza de xubilados

Respecto á cobertura do seguro de asistencia sanitaria para o resto de traballadores municipais imputarase ó concepto non presupostario 20054, conta contable 56107.

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercicio 2011 e sucesivas prórrogas queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente

3.- O contrato poderá ser obxecto de revisión de prezos de acordo co disposto no artigo 77 da LCSP, establecéndose como fórmula de revisión a variación que experimente o IPC, coa finalidade de manter o equilibrio financeiro do contrato e a fin de non causar prexuízo a ningunha das partes do contrato. En aplicación do disposto no artigo 78.3 da LCSP, a revisión non poderá superar o 85% da variación experimentada polo referido IPC

SEXTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo **procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada**, previsto e regulado polos artigos 122.2, 134 e 141 da LCSP.

Están facultados para tomar parte no procedemento e contratar co Excmo. Concello de Lugo, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e contén coa habilitación empresarial ou

profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato, tal e como establece o artigo 43.2 da LCSP.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes debidamente autorizados as Entidades Aseguradoras autorizadas legalmente para operar na rama a que se refire a presente contratación, que posúan os requisitos e as condicións que, para o exercicio da actividade aseguradora, se contemplan na Ley de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados e que, tendo plena capacidade de obrar, no se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que enumeran no artigo 49 da LCSP e que, ademáis reúnan os requisitos de solvencia económica, financeira, técnica e profesional requeridos conforme aos artigos 63,64,67 e 68 da LCSP.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 48 do LCSP, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se teña efectuada a adxudicación ó seu favor.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata extinción do mesmo.

A efectos da licitación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

SÉTIMA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

7.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Informe de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais ou extracto das mesmas, no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas se atopen establecidas.
- c) Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións, servizos ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

7.2.-A **solvencia técnica e profesional** dos licitadores deberá acreditarse mediante a presentación da correspondente autorización administrativa do Ministerio de Economía e Facenda que acredite que está autorizado pola Dirección Xeral de Seguros para actuar como entidade aseguradora para operar no ramo a que se refire a presente contratación, así como unha relación dos principais contratos similares ao da licitación, mantidos no último ano

OITAVA.- GARANTÍAS ESIXIBLES NA CONTRATACIÓN.

De conformidade co artigo 91 da LCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 135.2 da LCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

NOVENA.- ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O Concello de Lugo publicará anuncios de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

Tendo en conta que os anuncios se prepararán e enviarán por medios electrónicos e que se ofrecerá acceso por medios electrónicos ós pregos e á documentación complementaria, de conformidade co establecido no artigo 143 da LCSP, o prazo de presentación de proposicións será de **corenta días naturais** contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea.

DÉCIMA.- PROPOSICIÓN DOS INTERESADOS

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - Documentación administrativa, B - Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente e C- Proposición económica e relativa a criterios avaliados automaticamente.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula novena, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificarla data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

O **sobre denominado (A), documentación administrativa**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:
 - a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.
 - b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado na asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas

de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sétima deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador, na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Excmo. Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén coa Excmo. Concello de Lugo- e de Seguridade Social contempladas nos artigos 13 e 14 do regulamento xeral que desenvolve a LCAP, na que se faga constar expresamente que a entidade non incorreu en ningunha das causas previstas no Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados para a disolución e revogación da autorización administrativa

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou provinciais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Xustificante de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas así como declaración xurada de non ter causado baixa no epígrafe correspondente. No caso de estar obrigado ao pagamento do imposto, copia do último recibo.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario, polo xefe do Rexistro Xeral do Concello ou funcionario habilitado ao efecto.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e

a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non , que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.
- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición O sobre denominado B, Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliábles automaticamente, conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposición ofertadas para cada un dos lotes, de acordo cos criterios non valorables automaticamente que se indican na cláusula décimo terceira deste prego, **exclusivamente** a indicada no apartado **13.2. apartado 1) MELLORAS NAS PRESTACIÓNS E SERVIZOS SANITARIOS**

O sobre ‘B’ non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían en base ós criterios do Sobre ‘C’

O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación.

O sobre denominado C, Proposición económica e relativa a criterios avaliábles automaticamente,, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no concurso convocado para a **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS FUNCIONARIOS INTEGRADOS E OUTROS DO CONCELLO DE LUGO.**

b) Propón como prezos do contrato as seguintes cantidades:

1.- Póliza de funcionarios integrados (ingreso anterior a 1993)

- Prima total unitaria máxima:..... euros/mes exento de IVE

2.- Póliza de xubilados (anteriores a 1993)

- Prima total unitaria máxima:..... euros/mes exento de IVE

3.- Póliza de resto de traballadores municipais:

- Prima total unitaria máxima :..... euros/mes exento de IVE

(As cantidades consignaranse en letra e número)

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma, en particular **deberá incluír no sobre C a información correspondente ós criterios de adxudicación sinalados nos puntos 2), 3), 4) e 5) da cláusula décimo terceira 13.1**

DÉCIMO SEGUNDA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS.

De conformidade co previsto no artigo 81 do TRLCAP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sr. Concelleiro delegado da área de economía, emprego e zona rural.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado da área de réxime interior e protección da comunidade.
- Un Concelleiro de cada un dos Grupos Políticos que forman a Corporación
- Interventor Municipal ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O titular da asesoría xurídica do Concello.

SECRETARIA: A Xefa do servizo de contratación ou funcionario deste servizo no que delegue.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se o dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase,

no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

DÉCIMO TERCEIRA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios de valoración para a selección das empresas serán os seguintes:

13.1.- Criterios valorables automaticamente

1) Importe da prima mensual por persoa asegurada: ata 30 puntos. Esta valoración se distribuirá (10 puntos máximo) á oferta de prima para cada un dos tres colectivos (funcionarios integrados, xubilados e resto de traballadores municipais)

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE * \frac{(OL - Oi)}{(OL - Ob)}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica (10)

OL = orzamento de licitación (prima máxima)

Oi = prima da oferta presentada

Ob = prima máis baixa das ofertas presentadas

2) Amplitude do Cadro Médico na cidade de Lugo: ata 20 puntos

O cadro médico presentado deberá ser suficiente para atender como mínimo a cobertura de servizos médicos que se establecen no apartado cuarto do informe de Persoal sobre condicións técnicas. O número de profesionais do cadro médico por especialidade deberá manterse durante toda a vixencia do contrato.

$$P_i = \frac{(N^o_i * 20)}{N^o \text{ máx}}$$

$N^o_{MÁX}$ = Número máximo de profesionais do cadro médico adscritos ao obxecto do contrato de entre todas as ofertas presentadas.

N^o_i = N^o de profesionais do cadro médico adscritos á execución do contrato da oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta i.

3) Instalacións e establecementos sanitarios propios ou concertados na cidade de Lugo: ata 15 puntos

Deberá acreditarse a titularidade dos establecementos sanitarios polo licitador.

$$P_i = \frac{(N_i^o * 15)}{N^o_{\max}}$$

$N^o_{\max}$ = N^o de establecementos sanitarios na cidade do licitador que máis establecementos poña a disposición.

N_i^o = N^o de establecementos sanitarios na cidade postos a disposición na oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta que se valora

4) Rede de centros de cobertura ofertados a nivel nacional: ata 5 puntos

$$P_i = \frac{(N_i^o * 5)}{N^o_{\max}}$$

$N^o_{\max}$ = N^o de establecementos sanitarios a nivel nacional do licitador que máis establecementos oferte no ámbito nacional.

N_i^o = N^o de establecementos sanitarios a nivel nacional da oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta que se valora

5) Oferta de reembolso de gastos sanitarios cando os asegurados/as acudan a médicos y/ou centros alleos ó cadro médico ofertado: ata 5 puntos desglosados como segue:

a) A menor prima que deberán aboar os/as beneficiarios/as por este servizo a maiores das pólizas normais ofertadas: ata 3 puntos

Obterá a máxima puntuación neste apartado a proposición que oferte a menor prima. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que non oferten prima algunha e as restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

b) Maior porcentaxe de reembolso que se ofrezca tendo en conta que o mínimo ofertado será o 75% da factura : ata 2 puntos

Obterá a máxima puntuación neste apartado a proposición que oferte a maior porcentaxe de reembolso. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que non oferten reembolso de gastos e as restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

A presentación da oferta de reembolso conlevará que o adxudicatario necesariamente admitirá a calquera traballador/a que estea dentro do ámbito do contrato nas condicións ofertadas.

A esta oferta poderá adherirse tanto os traballadores integrados, os xubilados e o resto dos traballadores municipais os cales aboarán directamente a prima que resulte á empresa adxudicataria.

13.2.- Criterios non valorables automaticamente

1) Melloras nas prestacións e servizos sanitarios: ata 25 puntos

A empresa poderá presentar dentro deste apartado outros servizos complementarios que contribúan a mellorar a cobertura sanitaria dos beneficiarios ou a súa xestión.

As melloras ofertadas , que **deberán** ser aceptadas polo técnico informante das ofertas, **deberán estar cuantificadas economicamente e xustificado o custo (caso contrario non se valorará) o cal será comprobado** polos referido técnico previo estudo dos prezos no mercado.

Valorarase as melloras que directamente supoñan un beneficio para os/as beneficiarios/as, que estean relacionadas directamente co obxecto do contrato e que non supoñan un custo adicional para o Concello. Non se valoraran a aportación de medios materiais ou utensilios que se consideren mínimos para a correcta prestación do servizo e que serán aportados necesariamente pola empresa.

Ás melloras aceptadas e correctamente valoradas aplicaráselles a fórmula abaixo indicada obtendo a máxima puntuación neste apartado a proposición que presente as melloras mais vantaxosas para o Concello dende o punto de vista económico. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que non oferten melloras e as restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

$$P_i = \frac{(V_i * 25)}{V_{max}}$$

V_{MAX} = Valor máximo.

V_i = Valor da oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta i.

DÉCIMO CUARTA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no

cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

A adxudicación do contrato publicarase no perfil de contratante do Concello de Lugo.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

De conformidade co artigo 140 da LCSP a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos.

O órgano de contratación requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir a póliza de seguro que conterá as indicacións mínimas sinaladas no artigo 8º da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de Contratos de Seguros.

Á póliza unirase un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas, subscritos polo adxudicatario.

O documento no que se formalice o contrato será en todo caso a póliza, que será título válido para acceder a calquera rexistro público. Malia o exposto, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, e será a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro deste prazo e con anterioridade á formalización do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios de licitación e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houberse esixido.

DÉCIMO SEXTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista e a asistencia sanitaria dos funcionarios, persoal pasivo e resto dos empregados públicos municipais executarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de condicións técnicas e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica desta, dera ao contratista o responsable do contrato (xefa de servizo de persoal), os cales terán as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195 e 202 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato non poderán ser cedidos a un terceiro xa que de acordo co disposto no artigo 209 da LCSP, as calidades técnicas do contratista serán determinantes na adxudicación do contrato.

4. O servizo obxecto deste contrato non é susceptible de ser subcontratado polo contratista adxudicatario.

DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo. Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sxiilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación, cumprindo en todo momento a lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración

VIXÉSIMA.- PAGAMENTO.

A retribución da prestación contratada a satisfacer polo Excmo. Concello de Lugo, realizarase mediante liquidacións mensuais acompañadas da factura correspondente que deberá ser presentada pola Entidade contratada diante do Servizo de Persoal, o cal realizará a supervisión da prestación contratada.

O pagamento efectuarase unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato, o Concelleiro Delegado da área de réxime interior e protección da comunidade e maila Concelleira Delegada da área de economía e emprego.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

O contrato extinguirase por cumprimento de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Excmo. Concello de Lugo, por calquera das causas reguladas nos artigos 204 e seguintes da LCSP e no artigo 1156 do código civil.

O presente contrato queda exceptuado do prazo de garantía xa que pola súa especial natureza e características tal requisito non resulta necesario.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos a que se refire o artigo 310.2 da LCSP procederá a interposición de recurso administrativo especial en materia de contratación ante a Xunta de Goberno Local, e que en todo caso deberá interpoñerse con anterioridade ó correspondente recurso contencioso-administrativo, sen que proceda a interposición de recurso potestativo de reposición.

A interposición deste recurso suxeitarase ó disposto no artigo 314 da LCSP e presentarase no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 134.2.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:	
-----------------	--

ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º ☐ CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º ☐ COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de constitución.**

3º ☐ TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e apelidos:

Cargo:

**NOME EMPRESARIO:
DNI:**

SELO DA EMPRESA

FIRMA:
DATA:”

B) “PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO

En relación coa solicitude de informe sobre o novo prego que deberá rexer na nova contratación do seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos do Concello de Lugo, por parte da que subscribe se realiza a seguinte proposta de PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

Primeira: Obxecto do contrato.

É obxecto do presente contrato a prestación do servizo de asistencia sanitaria médico/cirúrxica ós/ás funcionarios/as con ingreso anterior ó 1 de abril de 1993, o persoal xubilado do Concello de Lugo con anterioridade ó 1 de abril de 1993, os demais empregados do Concello, así como os seus respectivos beneficiarios.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CNPA-2002), recollidas no Regulamento CEE nº 204/2002 da Comisión, de 19 de decembro de 2001, polo que se modifica o Regulamento CEE nº 3696/93 do Consello, de 29 de outubro de 1993, relativo á clasificación estatística de produtos por actividades (CPA) na Comunidade Económico Europea:

66- Servizos de seguros e plans de pensións, excepto os servizos de seguridade social obrigatorios-....-

66.03-.... Servizos de outros seguros-....-

66.03.12-..... Servizos de seguros de enfermidade-.....-

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV) recollida no Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CP: 66512200-4 Servizos de seguros de asistencia médica.

Segunda: Natureza e Réxime Xurídico do Contrato.

Ao contrato élle de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 31/95 de Prevención de riscos laborais e os seus regulamentos.
- Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contratos de Seguros.
- Real Decreto 2486/1998, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

O contrato ao que se refire o presente Prego ten natureza privada, en virtude do disposto nos artigos 19.1.a e 20 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por tratarse dun contrato de servizos incluído na categoría 6 do Anexo II da mencionada Lei, e rexirase en canto a súa preparación e adxudicación polo establecido na citada Lei, e en canto non se opoña á mesma, polo recollido no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da LCSP, aplicándose supletoriamente as restantes normas de Dereito Administrativo, e no seu defecto as normas de Dereito Privado.

En canto aos seus efectos e extinción, a orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas será a orde xurisdiccional civil, así o presente contrato rexerase polas cláusulas comprendidas neste prego, e polas establecidas no prego de prescricións técnicas, pola póliza do contrato e os suplementos pactados entre o Concello de Lugo e a Entidade Aseguradora, polo disposto na Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contratos de Seguros, e as súas disposicións de desenrolo, polo R.D.L. 6/2004, de 29 de outubro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, polo R.D. 2486/1998, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación e Supervisión dos Seguros

Privados e por calquera outra normativa que resulte aplicable ao contrato en cuestión.

Non obstante ao carácter imperativo que poidan ter determinados preceptos legais ou regulamentarios, entenderanse válidas as cláusulas contractuais contidas nas condicións particulares e xerais que sexan máis beneficiosas para o tomador ou asegurado segundo se recolle no artigo 2 da Lei 50/1980, de 8 de outubro, de contratos de seguros.

O licitador, polo feito da súa presentación ao presente procedemento de contratación, acepta de forma expresa o establecido neste Prego e no de prescricións técnicas, que formarán parte integrante do contrato.

Terceira: Duración do contrato.

O contrato terá unha duración inicial dun ano contado dende a data de sinatura da acta de inicio de prestación do servizo, podendo ser obxecto de prórrogas, por mutuo acordo das partes, por períodos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos.

Antes da finalización do contrato, o Concello de Lugo procederá a convocar unha nova licitación. Se esta nova licitación quedase deserta ou non estivese adxudicada, por calquera causa, ó día seguinte do remate do contrato ou das prórrogas realizadas, o Concello de Lugo poderá esixir ó contratista a continuación das prestacións incluídas no contrato e nas mesmas condicións, por un período de seis meses.

O adxudicatario poderá solicitar do Excmo. Concello de Lugo a correspondente prórroga e farao, como mínimo, dous meses antes do remate do prazo contractual ou prorrogado. O Excmo. Concello de Lugo deberá resolver expresamente. Polo contrario, o Excmo. Concello de Lugo poderá proceder á prórroga mediante resolución que será comunicada ao contratista.

Cuarta: Cobertura do contrato.

A prestación de asistencia sanitaria médico-cirúrxica outorgarase pola entidade ou entidades adxudicatarias coa intensidade e a extensión previstas no réxime xeral da seguridade social, en todo momento e durante a vixencia do contrato e as súas prórrogas, coa exclusión das continxencias producidas por accidente de traballo e enfermidade profesional, e co carácter de mínimo esixible, sen prexuízo das melloras que presente a adxudicataria.

Ademais, será condición indispensable para poder participar na licitación convocada, que as entidades licitadores contén no municipio de Lugo, como mínimo, cos seguintes servizos médicos:

- Medicina de familia.
- Asistencia por diplomados en enfermería.
- Medicina pediátrica.
- Asistencia por matrona e fisioterapeuta.

Medicina odontolóxica.

Asistencia ambulatoria especializada en consultas, que incluírá, de se-lo caso, a realización de cirurxía ambulatoria.

Asistencia especializada en réxime de hospitalización que inclúe a asistencia médica, cirúrxica, obstetricia e pediátrica.

Asistencia psiquiátrica, que comprenderá, como mínimo, o diagnóstico e tratamento en réxime ambulatorio.

Atención de urxencia hospitalaria e extrahospitalaria, referida á atención especializada.

Asistencia especializada en réxime de hospital de día para aqueles pacientes que precisen coidados médicos ou de enfermería e non requiran estancia hospitalaria.

Atención especializada en réxime de hospitalización a domicilio, atención paliativa a enfermos terminais.

Calquera outro non mencionado na lista anterior e que se encontre incluído no concerto de asistencia sanitaria para o ano 2010-2011 aprobado por MUFACE.

Na asistencia especializada, os licitadores deberán dispoñer, polo menos, de dous facultativos, por especialidade, incrementados, se é o caso, proporcionalmente ó número de beneficiarios, de acordo cos criterios utilizados polo sistema nacional de saúde.

Gastos hospitalarios: Os internamentos deberán cubrir todo tipo de gastos hospitalarios tales como: medicamentos, próteses e calquera tipo de accesorio médico ou cirúrxico.

Ingreso hospitalario: En caso de internamento hospitalario o asegurado terá dereito a habitación individual con cama para acompañante.

Desprazamento por consulta: Cando a consulta ou revisión post-operatoria teña que realizarse fora da cidade de Lugo, a entidade adxudicataria deberá cubrir os gastos de desprazamento e aloxamento, no seu caso, do paciente e un acompañante. A entidade aseguradora decidirá, sempre segundo criterio médico, o medio máis axeitado para cumprir esta obriga, podendo ser supervisado polo Concello.

Inclusión doutros empregados: O resto de empregados (funcionarios de novo ingreso a partir do ano 1993, persoal laboral e eventuais), así como os membros da Corporación, terán dereito a ser incluídos como asegurados, en calquera momento, mentres subsista a vixencia deste contrato, coas mesmas condicións e prestacións que as previstas neste prego e, de igual xeito, os seus respectivos beneficiarios/familiares. Estes empregados aboarán o prezo por persoa que resulte desta adxudicación, a través do Concello de Lugo.

Xubilados do Concello: O Concello de Lugo fará entrega á entidade adxudicataria dunha lista de pensionistas, dos que o propio Concello pagará unha parte do prezo por persoa que resulte desta adxudicación e que se determina no parágrafo de prezo do contrato), aboando directamente os pensionistas á entidade adxudicataria, o resto da cantidade que por persoa asegurada resulte desta adxudicación.

O adxudicatario non poderá esixir cantidade algunha en concepto de copago polos servizos prestados, independentemente de cal sexa a data de alta na póliza de aseguramento.

Quinta: Prezo do contrato.

Aos efectos do disposto no artigo 76 da LCSP o valor estimado do contrato está determinado polo importe total do mesmo (contrato exento de IVE).

O prezo máximo do contrato anual ascende a 579.591,60 €, debendo terse en conta que se trata de colectivos asegurables variables. Este prezo descomponse do seguinte xeito:

Póliza de funcionarios integrados:

- Prezo unitario máximo: 44,72 €/mes.
- Prezo anual (colectivo de aproximadamente 720 persoas): 386.380,80 €.

Póliza de xubilados (anteriores a 1993):

- Prezo unitario máximo: 52,19 €/mes (dos que o Concello pagaría 35,42 €/mes e, o resto, farase efectivo polo pensionista).
- Prezo anual (colectivo aproximado de 110 persoas): 68.890,80 €.

Póliza de resto de traballadores municipais:

- Prezo unitario máximo: 37 €/mes.
- Prezo anual (colectivo de aproximadamente 280 persoas): 124.320 €.

Non obstante o adxudicatario poderá ofertar unha contía por persoa inferior á indicada nos parágrafos anteriores.

Sexta: Revisión de prezos.

O contrato poderá ser obxecto de revisión de prezos, de acordo co disposto no artigo 77 da LCSP, establecéndose como fórmula de revisión a variación que experimenta o IPC, coa finalidade de manter o equilibrio financeiro do contrato e a fin de non causar prexuízo a ningunha das partes do contrato.

En aplicación do disposto no artigo 78.3 da LCSP, a revisión non poderá superar o 85% da variación experimentada polo referido IPC.”

TERCEIRO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref^a: 10x480130663.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-10-2010

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado, Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.